



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 2 DE NOVEMBRO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Proxecto de Lei de policía autonómica
- Proxecto de Lei de coordinación de policía locais

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se dispón o cesamento do director xeral de Función Pública José Rodríguez González.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se declara en concreto de utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado da obra de acondicionamento da estrada OU-901 Cea-límite provincia-A Barrela (N-540), treito: A Grela-límite provincia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración ente a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, o Concello da Coruña e a Universidade da Coruña, para a expropiación dos terreos necesarios para a construción do parque tecnolóxico, no campus da Coruña-Elviña.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Vigo para a elaboración dun estudo, de interese para ambas as partes, que analice a viabilidade dun centro de competencia asociado aos sectores económicos de: granito, lousa, augas, granulados e construción en Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, a Federación de Asociacións para a defensa da sanidade pública e a Confederación de Asociacións Veciñais, para impulsar o desenvolvemento da participación dos cidadáns na política sanitaria e a xestión asistencial, polo importe de dezanove mil oitocentos setenta e dous euros (19.872.00 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Fundación Cetmar para a realización dun estudo de referencia de cara á determinación das evidencias demostrativas de cambio climático en Galicia e os seus posibles impactos, por importe de trescentos vinte e catro mil oitocentos euros (324.800 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Ribadeo, para a execución do proxecto: “parque periurbano do Indiano”, por un importe de douscentos trinta mil euros (230.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Norte do Ministerio de Medio Ambiente, a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o organismo autónomo Augas de Galicia e a Asociación Galega de Pizarristas para a execución do proxecto de restauración hidrolóxico forestal das áreas afectadas por entullos de lousa nas marxes dos ríos Casaio e Ardemouro, no Concello de Carballeda de Valdeorras (Ourense) por un importe total de once millóns oitocentos sesenta e oito mil cento setenta e cinco euros con noventa céntimos (11.868.175,90 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Norte do Ministerio de Medio Ambiente, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a Consellería de Innovación e Industria, o organismo autónoma Augas de Galicia e a Asociación Galega de Pizarristas, para a execución do proxecto de restauración hidrolóxico forestal das áreas afectadas por entullos de lousa nas marxes dor río Pacios e dos arroios Valdesebe, Valdemuín e Gaivota. Parroquia de Pacios da Serra, concello de Quiroga



(Lugo), por un importe total de catro millóns trescentos cinco mil catrocentos sesenta e oito euros con oitenta e catro céntimos (4.305.468,84 €).

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Norte do Ministerio de Medio Ambiente, a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento sostible, o organismo Augas de Galicia e a Asociación Galega de Pizarristas para a execución do proxecto de restauración hidrolóxica forestal das áreas afectadas por entullos de lousa nas marxes do río Sil, río Seco e arroyo Pereanoes, concellos de Carballeda de Valdeorras, O Barco de Valdeorras (Ourense) por un importe total de catro millóns novecentos sesenta e seis mil cento noventa e catro euros con sesenta e tres céntimos.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Boborás para a execución das obras: “actuacións de saneamento nas bacías intercomunitarias. Saneamento e abastecemento ao Prado, Laxas e Liñariños, Boborás (Ourense)”, clave OH. 532.55, por importe de douscentos cincuenta e cinco mil trece euros e setenta e tres céntimos.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Mos para a execución das obras “actuacións de saneamento nas bacías intercomunitarias. Rede de colectores de saneamento en Tameiga, Petelos e Sanguñeda. Mos (Pontevedra)”, clave OH. 336.673, por importe de catrocentos vinte e nove mil euros e corenta e seis céntimos (429.000,46 €).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Mos para a execución das obras: “actuacións de saneamento nas bacías intercomunitarias. Rede de colectores de saneamento en Eira Grande e Portela na parroquia de Louredo. Mos (Pontevedra)”, clave O.H 336.672, por importe de cento sesenta e oito mil oitocentos cincuenta e dous euros e nove céntimos (168.852,09 €).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Vilardevós para a execución das obras: “actuacións de saneamento nas bacías intercomunitarias. Abastecemento e saneamento a Vilardevós (Ourense)”, clave OH.532.547, por importe de douscentos sesenta e catro mil euros.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Castroverde para a execución das obras “pequenas obras de saneamento. Abastecemento e Saneamento en Castroverde (Lugo)”, clave OH.527.485, por importe de setecentos once mil novecentos trinta e oito euros e sesenta e dous céntimos (711.938,62 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE



- Informe sobre a situación derivada da intervención do Goberno de Uruguai sobre a xestión da Casa de Galicia de Montevideo.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta das actuacións e dos acordos adoptados pola Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento Sostible na situación de emerxencia ocasionada polos verteduras ao río Umia con ocasión do incendio da planta da empresa Brentagg Química S.A. de Caldas de Reis

O GOBERNO GALEGO APROBA O PROXECTO DE LEI DE POLICÍA DE GALICIA

- ***O texto define o corpo como un instituto armado de natureza civil, con estrutura e organización xerarquizada, cuxa misión esencial é protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e garantir a seguridade cidadá***
- ***A formación dos seus axentes, que terá carácter profesional e permanente, corresponderalle á futura Academia Galega de Seguridade Pública***
- ***As funcións deste corpo desenvolveranse nos ámbitos da seguridade cidadá e da policía administrativa e xudicial***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de Lei de policía de Galicia, que establece a creación deste corpo, así como a súa estrutura, funcións e o réxime xurídico e estatutario do seu persoal.

O texto define a Policía de Galicia como un instituto armado de natureza civil, con estrutura e organización xerarquizada, cuxa misión esencial é protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e garantir a seguridade cidadá, para o que deberá velar pola pacífica convivencia e protexer as persoas e os seus bens de acordo co ordenamento xurídico. Ademais, deberá contribuír á consecución do benestar social e cooperar con outros axentes sociais nos ámbitos da prevención, o civismo, a cohesión social, e a axuda e asistencia ao cidadán.

Os seus membros serán funcionarios de carreira da Administración da Xunta de Galicia, e rexeranse polas normas de aplicación directa da Lei orgánica 2/1986, de forzas e corpos de seguridade do Estado, polo establecido pola Lei de Policía de Galicia e polas normas que a desenvolvan.

Funcións do corpo

O texto recolle as funcións deste corpo nos ámbitos da seguridade cidadá e da policía administrativa e xudicial. Así, no que se refire á seguridade cidadá, exercerá a vixilancia e protección de persoas, órganos e dependencias da comunidade autónoma; e prestará auxilio en accidentes e catástrofes, así coma nas actuacións en materia de salvamento. No ámbito de policía administrativa, velará polo cumprimento das leis aprobadas polo Parlamento e das normas emanadas dos demais órganos de Galicia, mediante inspección e denuncia, e utilizará a coacción co fin da execución forzosa destas disposicións.

Ademais, inspeccionará as actividades sometidas á ordenación denunciando as actividades ilícitas, para o que prestará especial atención á normativa sobre ambiente, sanidade, incendios, pesca fluvial, urbanismo, protección de camiños, costas, transporte, contaminación acústica, patrimonio histórico e cultural, e materia de xogo e de espectáculos. Así mesmo, ocuparanse da vixilancia e control do tráfico nas vías interurbanas, de inspeccionar e controlar as empresas de seguridade privada, de asistir e orientar os cidadáns e de colaborar coas institucións públicas de protección e tutela de menores e da inmigración.



No ámbito de policía xudicial será competente no relacionado con delitos contra a liberdade sexual, menores e violencia no ámbito familiar; contra os dereitos dos traballadores; delitos relativos á ordenación do territorio, á protección do patrimonio histórico, e contra o ambiente; e delitos contra a seguridade do tráfico.

Ademais, a lei establece que as entidades locais e a consellería competente en materia de seguridade poderán subscribir convenios para a asistencia da Policía de Galicia nas funcións que correspondan aos corpos de policía local, nos casos que non dispoñan deste ou que os seus efectivos non alcancen a dar cobertura á totalidade dos servizos.

Estrutura e requisitos de ingreso

Segundo a norma, o corpo de Policía de Galicia estrutúrase xerarquicamente nas seguintes escalas e categorías: escala de mando e dirección, que comprende as categorías de comisario, inspector xefe e inspector (grupo A); escala executiva, que comprende a categoría de subinspector (grupo B); e escala básica, que comprende as categorías de oficial e policía (grupo C).

Ademais de estar en posesión da titulación requirida en cada caso, os requisitos de ingreso serán os establecidos con carácter xeral para o ingreso na función pública galega e aqueles outros relacionados co carácter específico deste corpo. En todo caso, para o ingreso polo sistema de oposición libre requirirase unha idade non superior a 35 anos para a escala básica e 40 anos para a escala executiva. Cando o ingreso se produza dende outros corpos policiais, a idade máxima será de 40 anos para a escala básica, de 45 anos para a escala executiva e de 50 anos para a de mando e dirección.

O ingreso nas distintas categorías realízase polo sistema de oposición libre ou de promoción interna, mediante concurso-oposición. Ademais de superar as probas selectivas cando así o estableza a convocatoria, será necesario aprobar un curso de formación na futura Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) e superar un período de prácticas. Durante o curso de formación e o período de prácticas, os aspirantes terán a consideración de funcionarios en prácticas. Ademais, a lei regula o acceso de membros procedentes doutros corpos e forzas de seguridade, e establece as correspondencia de categorías cos demais corpos e forzas de seguridade.

Formación e carreira profesional

No texto determínase así mesmo que a formación da Policía de Galicia, que terá carácter profesional e permanente, corresponderalle á AGASP. Neste sentido, o centro estradense elaborará un plan de carreira profesional para o acceso ás distintas categorías e organizará cursos de formación permanente, de actualización, de especialidades e de promoción. Así mesmo, a AGASP promoverá a validación académica dos estudos que se realicen nel e validará aquelas materias, cursos ou titulacións que fosen superadas previamente noutros centros educativos oficiais.

Pola súa banda, a carreira profesional dos funcionarios da Policía de Galicia articularase mediante a promoción, consistente na progresión nas diversas categorías que o compoñen ou a través dos distintos destinos que integran a relación de postos de traballo.



Isto farase respectando a normativa que a comunidade autónoma estableza para os seus funcionarios, coas peculiaridades propias deste corpo policial. A progresión a unha categoría ou escala superior efectuarase con ocasión de vacantes nelas, ofrecéndose en convocatoria pública na que poderán participar os funcionarios da categoría inmediatamente inferior.

Órganos consultivos e de coordinación

A lei establece a constitución de dous órganos de coordinación: a Xunta de Seguridade de Galicia e o Centro de Elaboración de Datos para o Servizo Policial. A primeira estará integrada por representantes do Estado e da comunidade autónoma, e coordinará a actuación das distintas forzas e corpos de seguridade e resolverá as incidencias que puidesen xurdir na colaboración entre os seus membros.

O Centro de Elaboración de Datos será o órgano administrativo encargado da análise, clasificación, elaboración e conservación dos datos que lles sexan precisos aos servizos policiais para o exercicio das súas funcións.

Os órganos consultivos, pola súa banda, serán o Consello de Policía e a Comisión Galega de Seguridade. O primeiro será un órgano de participación no que se integran representantes da consellería competente en materia de seguridade e representantes dos membros da Policía de Galicia. Terá como funcións, entre outras, formular propostas relativas á provisión de postos de traballo; realizar consultas en materias relativas ao estatuto profesional; participar en programas de modernización dos métodos de traballo; emitir informes dos expedientes disciplinarios que se instrúan por faltas moi graves contra funcionarios da Policía de Galicia; emitir informes dos anteprojectos de lei e os proxectos de calquera normativa que afecten ao réxime estatutario; emitir informes na determinación das condicións de prestación do servizo policial; e debater e propoñer medidas en relación coa política de persoal.

A Comisión Galega de Seguridade será un órgano de encontro e intercambio de ideas e experiencias co fin de favorecer a coherencia nas actuacións das diversas entidades e institucións implicadas e afectadas pola política de seguridade. Poderán formar parte dela representantes da Administración da Comunidade Autónoma; a Administración do Estado; a Administración local; e a Administración de Xustiza de Galicia.



A LEI DE COORDINACIÓN DE POLICÍAS LOCAIS RECIBE O VISTO E PRACE DO CONSELLO DA XUNTA

- *O texto establece a creación da Comisión de Coordinación das Policía Local integrada por representantes da Xunta, os concellos e os sindicatos*
- *Os concellos que non teñan corpo de Policía Local poderán ter dous vixilantes municipais como máximo e se fose necesario ampliar o seu número deberán iniciar os trámites para dotarse de corpo local de policía*
- *Ante aumentos temporais de poboación poderán reforzar o cadro de persoal de Policía Local con auxiliares de policía*

O Consello da Xunta celebrado hoxe deu luz verde ao proxecto de Lei de Coordinación de Policía Local presentado pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. O documento recolle as características dos corpos da Policía Local, os requisitos para ingresar neste corpo e explica cómo debe levarse a cabo a coordinación dos corpos da Policía Local.

Segundo a definición que recolle este documento, os corpos da Policía Local son institutos armados de natureza civil con organización e estrutura xerarquizada con carácter de axentes de autoridade. A condición para crear un corpo de Policía Local, será que este tipo de corpo estea dotado como mínimo de dous axentes e un oficial.

Estes corpos estarán baixo a dependencia do alcalde do concello onde forsen creados ou ben do concelleiro en quen delegue o rexedor. Por outra parte, estarán baixo o mando do xefe do corpo quen será nomeado polo alcalde polo sistema de libre designación logo de convocatoria pública. Desenvolverá o seu labor baixo a superior autoridade do alcalde ou en quen delegue.

Escalas e categorías

Os corpos de Policía Local estarán divididos en distintas escalas:

- Escala superior: formada pola categoría de superintendente, desenvolve as funcións de organización, dirección, coordinación e supervisión das distintas unidades e servizos do corpo.
- Escala técnica: categoría de intendente principal e intendente, ten a responsabilidade inmediata na planificación e execución dos servizos.
- Escala executiva: inspector principal e inspector, ten o mando operativo e a supervisión das tarefas executivas das unidades ao seu cargo.
- Escala básica: oficial e policía, deben dar cumprimento das funcións policiais propias do servizo.

As dúas primeiras escalas forman o grupo A, para o que os seus integrantes deberán posuír algún destes títulos: doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente. Pola súa parte, a escala técnica correspondería ao grupo B para o se exige ser diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou equivalente. Por último, a escala

básica formaría o grupo C para o que se precisa ter o título de bacharel, técnico superior de formación profesional ou equivalente.

Creación de categorías

Segundo o texto, non se poderá crear unha categoría sen que existan todas as inferiores. Ademais, cando nunha escala existan dous postos da mesma categoría haberá que crear a escala superior. A creación de categorías será voluntaria ou obrigatoria en función do número de habitantes dos concellos e o seu número de policía. Estas son as condicións que especifica o texto.

- Inspector: obrigatorio nos concellos de máis de 15.000 habitantes ou máis de 25 policía, voluntario nos concellos con máis de 10.000 habitantes ou máis de 10 policía
- Inspector principal: obrigatorio nos concellos con máis de 25.000 habitantes ou máis de 50 policía, voluntario nos concellos con máis de 15.000 habitantes ou máis de 25 policía
- Intendente: obrigatorio nos concellos con máis de 50.000 habitantes ou máis de 100 policía, voluntario nos concellos máis de 25.000 habitantes ou máis de 50 policía
- Intendente principal: obrigatorio nos concellos de máis de 75.000 habitantes ou máis de 150 policía, voluntario nos concellos con máis de 50.000 habitantes ou máis de 100 policía
- Superintendente: obrigatorio nos concellos con máis de 150.000 habitantes ou máis de 200 policía, voluntario nos concellos con máis de 75.000 habitantes ou máis de 150 policía

O texto explica o proceso de ingreso nas distintas categorías. O ingreso como axente de policía realizarase polos sistema de oposición libre ou concurso-oposición. O acceso ao resto de categorías farase por promoción interna mediante concurso-oposición e haberá que acreditar antigüidade no corpo que variará segundo a categoría á que se pretenda ascender. Así mesmo, en todos os casos, reservarase como mínimo un terzo das prazas convocadas para funcionarios doutros corpos de Policía Local da Comunidade Autónoma para seren cubertas mediante concurso.

Coordinación de policía locais

O obxectivo principal desta lei é acadar a coordinación das policía locais de Galicia para obter un funcionamento homoxéneo e integrado destes corpos e acadar unha acción conxunta e eficaz no sistema de seguridade público galego. Os órganos encargados de favorecer a coordinación serán: o Consello da xunta, a consellería competente en materia de seguridade e a Comisión de Coordinación das Policía Locais, ademais poderán constituírse outros con carácter asesor.

A Comisión de Coordinación das Policía Locais estará presidida polo conselleiro competente en materia de seguridade e vicepresidida polo director xeral de Interior. Ademais estará integrada por varios vogais: 5 representantes do Goberno autonómico elixidos polo conselleiro competente en materia de seguridade, 4 representantes dos concellos de menos de 50.000 habitantes e outros 4 dos de máis de 50.000 habitantes elixidos pola FEGAMP, 4 representantes dos membros das policía locais elixidos polos

sindicatos e 1 elixido pola Axempol. Por último, haberá tamén 1 secretario da comisión, con voz e sen voto.

As funcións da comisión serán as seguintes:

- Determinar as normas marco ou criterios xerais para todas as policía locais de Galicia
- Fixar os criterios básicos de selección, formación, promoción e mobilidades locais
- Establecer a homoxeneización en canto a medios técnicos, distintivos de identificación e uniformidade, estruturas e cadros de persoal e retribucións
- Establecer os medios materiais que posibiliten un sistema de información recíproca e de actuación conxunta e coordinada
- Proporcionar aos concellos información e asesoramento en seguridade pública
- Dirixir a colaboración eventual entre diversos concellos en situacións especiais ou extraordinarias
- Establecer plans conxuntos de actuación policial

Vixilantes municipais e auxiliares de policía

Os concellos que non dispoñan de corpo de Policía Local poderán contar con vixilantes municipais (grupo D) que será persoal funcionario de carreira, con título de ESO, graduado escolar ou equivalente. O número máximo de postos de vixilantes municipais que poderá crear cada municipio será de dous. Se as necesidades exixisen un número maior, poderán iniciar os trámites para crear o corpo de Policía Local. Nos concellos onde xa exista este corpo, non poderán crearse prazas de vixilantes.

Ademais a lei recolle que os concellos con aumento notorio de poboación en tempadas determinadas poderán contratar transitoriamente auxiliares de policía que deberán superar un curso teórico-práctico da Academia Galega de Seguridade Pública. Os traballadores non superarán o 50% do persoal funcionario do corpo de Policía Local, salvo excepción, e tampouco poderá ter unha duración de máis de catro meses por ano, salvo en excepcións xustificadas que poderán acadar os seis meses.

As funcións de ambas as figuras serán custodiar e vixiar bens, servizos, instalacións e dependencias municipais; ordenar, sinalizar e dirixir o tráfico na zona urbano; velar polo cumprimento das ordenanzas, bandos e demais actos municipais; participar nas tarefas de auxilio ao cidadán e de protección civil.



A XUNTA DISPÓN A OCUPACIÓN DE BENS PARA O ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA OU-901 NOS CONCELLOS DE CEA E VILAMARÍN

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes acondicionará a estrada OU-901 Cea-límite provincial-A Barrela (N-540). Como paso previo ao inicio dos traballos, e unha vez que xa está aprobado o proxecto de trazado da obra, o Consello da Xunta de Galicia aprobou declarar a utilidade pública e dispor a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto no treito que discorre entre a poboación da Grela e o límite provincial e que pasa polos concellos de Cea e Vilamarín.

O acondicionamento da estrada OU-901 ten por obxecto o alargamento e mellora da plataforma actual, realizando as correccións de curvas existentes, así como da xeometría en planta e alzado. O treito da estrada en que se actuará ten unha lonxitude de 9.565 metros e a obra conta cun orzamento de 5.836.051,91 euros, cantidade na cal se inclúe o pagamento das expropiacións.

A estrada OU-901 constitúe o eixe de comunicación natural entre os núcleos do Carballiño, en Ourense, e Chantada, en Lugo. Non obstante, o seu actual trazado, excesivamente sinuoso, fai que os usuarios teñan que utilizar outros itinerarios de maior lonxitude, polo que se corraxirá esta situación acondicionando a OU-901 para dotala dunha estrutura adecuada tanto de trazado como de seguridade viaria.

EDUCACIÓN E POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁN 1,6 MILLÓNS DE EUROS NA ADQUISICIÓN DE TERREOS NO CAMPUS DE ELVIÑA

- ***O Concello de A Coruña encargárase da realización das expropiacións, e a Universidade das obras de construción***
- ***Nesta áre construírse o Centro de Innovación Tecnolóxica en Neurociencia e Calidade da Vida; o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas; e o edificio do Centro Empresarial.***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración entre as Consellerías de Educación e Ordenación Universitaria e de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes; o Concello da Coruña e a Universidade da Coruña; para a expropiación dos terreos dos polígonos I e III do campus universitario de *Elviña*. A Administración autonómica destinará un total de 1.600.000 euros a esta actuación.

A subscrición deste convenio permitirá a futura construción do Centro de Innovación Tecnolóxica en Neurociencia e Calidade da Vida; o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas; e o edificio do Centro Empresarial.

De acordo co convenio, as consellerías asumirán o financiamento das expropiacións, que levará materialmente a cabo o Concello da Coruña. Unha vez finalizado o proceso expropiatorio, os terreos pasarán á disposición da Universidade da Coruña, que procederá á realización das obras.

O custo máximo total da adquisición dos terreos correrá a cargo das consellerías de Educación e Política Territorial. A primeira fará unha achega de 1.000.000 de euros; mentres que a segunda achegará os 600.000 restantes.

Esta actuación conxunta das dúas consellerías enmárcase nos obxectivos da Administración educativa de impulsar, a través de distintas accións, a promoción da investigación tecnolóxica orientada aos distintos sectores e a dotación de espazo para infraestruturas universitarias. Na actualidade, o Sistema Universitario de Galicia posúe distintos centros de investigación que contribúen ao desenvolvemento da investigación e do tecido industrial da Comunidade.

INNOVACIÓN E INDUSTRIA ENCARGA UN ESTUDO DE VIABILIDADE PARA DUN CENTRO TECNOLÓXICO QUE INTEGRE OS SECTORES DO GRANITO, LOUSA, GRANULADOS E AUGAS TERMAIS E MINEROMEDICINAIS

- ***O obxectivo destes centros será mellorar a competitividade destes sectores económicos de relevancia para a economía galega***
- ***O grupo de investigación de Explotación de Minas da Universidade de Vigo encargárase da realización do estudo***

O Consello da Xunta vén de autorizar na súa xuntanza desta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Vigo para a elaboración dun estudo de viabilidade para a creación dun centro de competencia que integre centros tecnolóxicos asociados aos sectores do granito, a lousa, os áglomerados e as augas termais e mineromedicinais.

A Consellería de Innovación e Industria considera necesario pór en marcha este centro co obxectivo de mellorar a competitividade destes sectores. Este centro permitiralles trasladar coñecemento e tecnoloxía ao sector produtivo e competir deste xeito con base na calidade, na excelencia e na innovación. A Consellería de Innovación e Industria financiará o custo total do estudo coa contía de 120.000 euros e o prazo para a realización do estudo remata o 31 de decembro de 2007.

Como paso previo á creación deste centro, a consellería precisa elaborar un estudo de viabilidade, onde se defina a súa estrutura organizativa, a participación e implicación da administración autonómica, dos organismos públicos de investigación e das empresas, a oferta de servizos tecnolóxicos básicos, a oferta de servizos de formación e as liñas estratéxicas de investigación que debe seguir o centro. O fin do estudo é, pois, definir sector por sector –granito, lousa, aglomerados e augas- as actuacións necesarias en canto a dotación de espazo, material de laboratorio, persoal, investimentos e custo anual dos centros tecnolóxicos sectoriais.

Sectores de grande relevancia para a economía galega

O sector mineiro é un sector de grande transcendencia para a economía galega, especialmente a pedra ornamental: ten unha elevada presenza en todo o territorio e implica a 16.000 persoas en Galicia. Neste contexto, a comunidade sitúase como a segunda do Estado en produción e a primeira en exportación e como a primeira produtora e exportadora de lousa. Nos últimos sete anos, o valor das exportacións de lousa medrou un 240% e as de granito un 12% para o bruto e un 280% para o elaborado, destacando especialmente o incremento na comercialización de produtos elaborados polo seu maior valor engadido.

Pola súa banda, o sector dos aglomerados experimentou un incremento constante nos últimos anos grazas á puxanza do sector da construción, que os emprega en edificacións, estradas e vías de ferrocarril en forma de formigón, aglomerados e argamasa, acadando unha produción de 23 millóns de toneladas en Galicia no ano 2005 e xerando 1.500 empregados a través de 200 canteiras dedicadas a este fin.



Así mesmo, Galicia ten unha grande riqueza de augas mineromedicinais, con máis de 300 captacións, das que 20 son utilizadas como balnearios. Neste senso, Galicia defínese como destino termal por excelencia, tanto polo seu número de establecementos como pola súa calidade. O sector termal galego é un dos que xera maior volume de negocio e un dos que máis medra, cun volume de traballo de 1.100 empregos directos e máis de 4.000 indirectos no ano 2004.

A CONSELLERÍA DE SANIDADE IMPULSA A PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS NA POLÍTICA SANITARIA E A XESTIÓN ASISTENCIAL

- ***O Consello autorizou un convenio entre a Xunta de Galicia, a Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública e a Confederación Galega de Asociacións Veciñais por case 20.000 euros***
- ***O departamento que dirixe María José Rubio Vidal considera necesario que os colectivos de usuarios da sanidade pública coñezan os principais determinantes da saúde, as estratexias para facerlles fronte, e o papel das organizacións sociais nas actividades sanitarias***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, a Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública e a Confederación Galega de Asociacións Veciñais, para impulsar o desenvolvemento da participación dos cidadáns na política sanitaria e a xestión asistencial, por un importe de 19.872 euros.

A Consellería de Sanidade considera necesario que os cidadáns teñan unha información e comunicación permanente. Cómpre, polo tanto, que os membros dos colectivos de usuarios da sanidade coñezan os principais determinantes da saúde, as estratexias para facerlles fronte e o papel das organizacións sociais nas actividades sanitarias.

A natureza complexa dos temas sanitarios e a necesidade de coñecer a metodoloxía básica das actividades neste campo obriga a ter certa capacitación. Por este motivo, o departamento que dirixe María José Rubio Vidal considera conveniente establecer o convenio antes referido, posto que a participación comunitaria no noso sistema sanitario é unha característica pouco desenvolvida, sendo un medio e instrumento necesario para a abordaxe dos problemas de saúde.

A participación engloba: involucrar á comunidade na análise dos seus problemas de saúde e na identificación das necesidades deste campo máis importantes; reforzar o papel de protagonista da cidadanía como suxeito do coidado de saúde aumentando a súa responsabilidade; desenvolver os servizos sobre unha base comunitaria, e, por último, potenciar a abordaxe multisectorial e a coordinación intersectorial.

En definitiva, un sistema de saúde máis eficaz e eficiente require que o tradicional rol dos pacientes como consumidores se transforme nunha democracia participativa.



A XUNTA APROBA OS CONVENIOS QUE PERMITIRÁN A RESTAURACIÓN HIDROLÓXICA E FORESTAL DAS ÁREAS AFECTADAS POLA ACTIVIDADE DO SECTOR DA LOUSA NA COMARCA DE VALDEORRAS (OURENSE) E NO CONCELLO DE QUIROGA (LUGO)

- ***Trátase de tres proxectos, que suman un orzamento de máis de 20 millóns de euros, que serán financiados pola Confederación Hidrográfica do Norte nun 70% e polas consellerías de Medio Ambiente e Innovación e Industria, que xunto coa Asociación Galega de Pizarristas, achegarán o 30% restante***

O consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción de tres convenios de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Norte, as consellerías de Medio Ambiente e Innovación e a Asociación Galega de Pizarristas, que teñen por obxecto acometer a restauración das áreas afectadas polos entullos de lousa nos concellos ourensáns de Carballeda, O Barco e Vilamartín de Valdeorras e o concello lugués de Quiroga. Os acordos permitirán a recuperación das marxes dos ríos Sil, Casaio, Ardemouro e Pacios, así como de diversos arrosos e enclaves naturais afectados pola actividade do sector da lousa.

Os tres convenios suman un orzamento de 20,1 millóns de euros, que serán financiados nun 70% pola Confederación Hidrográfica do Norte (CHN) mediante Fondos Europeos para o Desenvolvemento Rexional (Feder) e nun 30% polas consellerías de Medio Ambiente e Industria e pola achega da Asociación Galega de Pizarristas que corresponde ao financiamento Feder.

A Confederación Hidrográfica será a encargada da aprobación técnica e definitiva dos proxectos de obras, a contratación e a dirección e recepción destas, sen prexuízo da participación das consellerías implicadas nas mesas de contratación correspondentes. Pola súa banda, as empresas do sector da lousa serán as responsables de poñer a disposición da CHN os terreos necesarios para execución das actuacións de recuperación previstas. No caso de existir superficies afectadas polos proxectos cuxos titulares sexan alleos ás empresas asociadas, a confederación tramitará o corresponde expediente expropiatorio, aínda que os custos derivados da adquisición dos terreos serán aboados pola Asociación de Pizarristas.

Valdeorras

Dos convenios aprobados hoxe, o de maior orzamento é o que corresponde á restauración hidrolóxica e forestal das marxes dos ríos Casaio e Ardemouro no concello ourensán de Carballeda de Valdeorras. Esta actuación vai supor un investimento de 11.868.175 euros por parte das administracións estatal e autonómica e o sector da lousa ata o ano 2008 (inclusive).

O outro proxecto que afecta a provincia de Ourense e, máis concretamente a comarca de Valdeorras, é o de recuperación das áreas afectadas polos entullos de lousa nas marxes dos ríos Sil, Seco e o arroio de Pereanes nos concellos de Carballeda, O Barco e Vilamartín. Esta segunda actuación aprobada no consello da Xunta celebrado hoxe supón un investimento 4.716.500 euros.



Quiroga

O terceiro acordo ao que o Goberno galego deu luz verde hoxe corresponde a restauración das áreas afectadas polos entullos de lousa nas marxes do río Pacios e dos arrosos Valdesebe, Valdemuin e Gaivota, pertencentes á parroquia de Pacios de Serra, todos eles situados no Concello de Quiroga (Lugo). O proxecto conta cun orzamento de 4.075.249 euros, que as administracións implicadas e o sector da lousa farán efectivo este e o vindeiro ano.

As tres actuacións enmárcanse dentro do plan de restauración hidrolóxica e de protección e rexeneración de canles que o Ministerio de Medio Ambiente está a levar a cabo a través da Confederación Hidrográfica para, entre outros obxectivos, a restauración de zonas susceptibles de erosión, a rexeneración de canles e a protección enclaves naturais relacionados co medio ambiente fluvial.



MEDIO AMBIENTE ACOMETERÁ A REXENERACIÓN AMBIENTAL E CREACIÓN DO PARQUE PERIURBANO DO INDIANO, NO CONCELLO DE RIBADEO (LUGO)

- ***A actuación, que conta cun orzamento de 230.000 euros, permitirá poñer en valor unha zona verde da zona urbana referente para a vila lucense***

A Consellería de Medio Ambiente aprobou destinar 230.000 euros á creación do Parque Periurbano do Indiano, no concello lucense de Ribadeo. A actuación recolle a posta en valor e rehabilitación dunha zona verde referente para a vila, que se atopa deteriorada. Os traballos recollidos no proxecto comprenderán a área xeográfica delimitada dende a Capela da Virxe do Camiño ata a Escola de Idiomas, abarcando ambas as marxes da estrada, na que é a entrada da localidade.

Segundo se estipula no convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello de Ribadeo, as actuacións serán financiadas pola administración autonómica con cargo aos orzamentos do departamento de Medio Ambiente correspondentes a este e o vindeiro exercicio. O concello, pola súa banda, deberá poñer á disposición da consellería os terreos polos que discorre a obra, así como os correspondentes permisos necesarios para levala a cabo. Unha vez rematadas as actuacións, que serán dirixidas e recepciónadas pola consellería de Medio Ambiente, a entidade local será a responsable do seu mantemento e conservación.

APROBÁSE UN INVESTIMENTO DE 880.000 EUROS PARA A MELLORA NAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGAS DE BOBORÁS, VEREA E VILARDEVÓS

- *As actuacións aprobadas no Consello permitirán mellorar estes servizos en diversos núcleos de poboación da provincia de Ourense*

Os concellos ourensáns de Boborás, Verea e Vilardevós serán obxecto de senllos proxectos de mellora das redes de abastecemento e saneamento de augas por parte da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. As actuacións suporán un investimento total de 880.113 euros por parte da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), que financiará o 100% das actuacións previstas.

Boborás

Esta localidade ourensá será obxecto dun proxecto de mellora das súas infraestruturas hidráulicas, que consistirá na dotación de servizos de subministración de auga e rede de sumidoiros aos núcleos do Prado, Laxas e Liñariños. A actuación conta cun orzamento de 255.113 euros e un prazo de execución de tres meses para rematar as obras, unha vez estas sexan licitadas e adxudicadas.

Verea

As localidades de Gontán, Cigarrosa, Os Casares, Cobreiros, As Nogueiras, A Pía e As Laceiras, todas elas pertencentes ao Concello de Verea, serán obxecto tamén dun proxecto de mellora de servizos por parte da Consellería de Medio Ambiente. O departamento autonómico, a través da empresa pública de augas, levará a cabo a construción das redes necesarias para dotar estas poboacións de redes de abastecemento e saneamento. O orzamento deste proxecto ascende a 361.000 euros e o seu prazo para rematar os traballos é de dez meses.

Vilardevós

A terceira localidade ourensá beneficiada polas actuacións aprobadas no Consello da Xunta celebrado hoxe é o municipio de Vilardevós. A empresa publicación de augas investirá 264.000 euros na dotación de servizos de subministración de augas e saneamento ao núcleo de Berrande. Estas obras, que deberán estar listas en seis meses tras a súa adxudicación, recollen ademais a construción dun bombeo e impulsión nos lugares de Devesa, Dona Elvira e A Veiga da Meás.

MEDIO AMBIENTE FINANCIA A CREACIÓN DE SERVIZOS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NO CONCELLO DE CASTROVERDE

- ***As obras previstas no municipio lucense contan cun orzamento de 711.938 euros e un prazo de execución de catro meses.***

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, vai dotar de servizos de abastecemento de augas e saneamento a varios núcleos de poboación do Concello de Castroverde, pertencente á provincia de Lugo. O proxecto conta cun orzamento de 711.938, que a administración hidráulica galega financiará na súa totalidade con cargo aos orzamentos deste e do vindeiro ano.

As obras permitirán solucionar as carencias que teñen varias poboacións do municipio tanto en depuración e recollida de augas residuais como na falla dunha rede de subministración de auga potable, que na actualidade se realiza mediante traídas particulares. As actuacións previstas consisten na construción dunha captación e rede de distribución nos núcleos de Riomol e Páramo, dun sistema de pluviais e residuais en Vilacote e nas rúas perpendiculares á Alcalde Xetas e á Travesía de Montecubeiro, así como unha rede de saneamento no núcleo de Córneas.



A EMPRESA PÚBLICA DE AUGAS FINANCIA, CON CASE 600.000 EUROS, A CONSTRUCCIÓN DA REDE DE COLECTORES DE SANEAMENTO DO CONCELLO DE MOS (PONTEVEDRA)

- *As obras aprobadas complementan o plan de saneamento integral da bacía do río Louro, que o Ministerio de Medio Ambiente, a través da Confederación Hidrográfica do Norte, está a acometer na zona*
- *As novas redes de saneamento darán servizo aos núcleos poboacionais de Tameiga, Petelos, Sanguñeda, Eira Grande e Portela.*

A Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), vai financiar a construción de redes de colectores en varios núcleos do concello pontevedrés de Mos. A actuación enmárcase dentro do plan de saneamento integral da bacía do río Louro, que o Ministerio de Medio Ambiente, a través da Confederación Hidrográfica do Norte, está a acometer na zona. A próxima entrada en funcionamento deste sistema fai necesario construír esta rede de saneamento, que será posible grazas á colaboración da Xunta, que financiará as actuacións.

Concretamente, no día de hoxe aprobáronse dous proxectos coa mesma finalidade, que supoñen un investimento total de 597.852 euros. Trátase da construción da rede de colectores de saneamento correspondente aos núcleos de Tameiga, Petelos e Sanguñeda, que conta cun orzamento de 429.000 euros; e da dotacións do mesmo servizo ás poboacións de Eira Grande e Portela, ambas pertencentes á parroquia de Louredo, á que se destina a contía restante (168.852 euros).

Ambos os dous proxectos contan cun prazo de seis meses cada un e serán custeadas con cargo aos orzamentos deste e do vindeiro ano da Consellería de Medio Ambiente.



MEDIO AMBIENTE E O CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR ASINAN UN CONVENIO PARA ELABORAR UN ESTUDO SOBRE EFECTOS SOBRE O CAMBIO CLIMÁTICO EN GALICIA

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar) asinarán en breve un convenio de colaboración para a realización dun estudo sobre as evidencias do cambio climático en Galicia.

En virtude do acordo, aprobado no Consello da Xunta de hoxe, o departamento autonómico subvencionará con 324.800 euros a elaboración deste informe sobre os efectos do cambio climático, así como do impacto que este fenómeno poida ocasionar na nosa comunidade.



A XUNTA DE GALICIA TRABALLA PARA GARANTIR QUE NINGÚN GALEGO NO EXTERIOR QUEDE SEN ASISTENCIA SANITARIA

- ***Crearé un grupo de traballo que estará presente na toma de decisións sobre o futuro do Hospital da Casa de Galicia en Uruguai***
- ***Esta comisión impulsará a redefinición da estrutura desta entidade e a busca de solucións para acadar a viabilidade da mesma***

O Goberno galego avanzará na formalización de convenios que garantan o exercicio dos dereitos dos galegos no exterior, en condicións de igualdade cos residentes de Galicia. Concretamente, en materia sanitaria impulsarase a inclusión da asistencia integral da saúde na prestación por razóns de necesidade. Esta foi unha das decisións adoptadas pola Xunta, tras a viaxe da titular da Consellería de Sanidade a Uruguai, onde tratou coas autoridades dese país a situación do Hospital da Casa de Galicia en Montevideo.

Así mesmo, no informe presentado hoxe pola Consellería de Sanidade ao Consello da Xunta, recóllese que a intervención feita polo Goberno uruguaio prodúcese por un período de seis meses. Neste tempo, e grazas ás negociacións feitas pola Xunta de Galicia, a través dos departamentos de Sanidade e Emigración, a Administración autonómica poderá estar presente na toma de decisións que se tomen con respecto ao futuro deste hospital. Neste sentido, acordouse a creación dun grupo de traballo que garantizará que a Casa de Galicia e a Xunta sexan escoitadas polo Ministerio de Saúde Pública á hora de adoptar as decisións que afecten ao futuro da entidade.

Esta comisión ten por finalidade impulsar a redefinición da estrutura da entidade, promovendo a reforma dos seus estatutos. Tratarase ademais de delimitar patrimonialmente os bens afectos e o seu obxecto social e cultural, dos dedicados ao servizo asistencial intentando preservar estes últimos. Así mesmo realizarase un seguimento da propia intervención e impulsaranse medidas que propicien as fórmulas de xestión moderna e profesionalizada do hospital. Todo co obxectivo de garantir a viabilidade do centro e de que a colectividade galega recupere a dirección da Institución unha vez superada a crise.

Competencias

O informe presentado hoxe explica que o Executivo galego ten o compromiso de Uruguai de que as actuacións que se leven a cabo teñan como obxectivo asegurar a viabilidade da Institución e garantir a asistencia e a calidade da atención. Neste eido, desde a Xunta velarase que todas as resolucións que se tomen estén orientadas polos principios que se recollen no Estatuto dos cidadáns españois no exterior. Isto supón o recoñecemento pleno e efectivo como españois dos cidadáns que viven fóra do territorio nacional, e polo tanto, a garantía dos seus dereitos constitucionais.

A intervención realizada polo Executivo uruguaio prodúcese sobre unha institución sita naquel país, polo que a Xunta non ten competencias na xestión da entidade. Así, a Casa de Galicia ten recibido axudas económicas deste e doutros gobernos, pero non ten



participado na súa xestión. Só o Goberno uruguaio ten competencia para facer esta intervención. Malia isto, tanto o Goberno galego como o central están a garantir a asistencia sanitaria de todos os seus cidadán carenciados a través de entidades prestadoras de saúde naquel país.

O CONSELLO DA XUNTA COÑECEU A PREVISIÓN DE GASTOS PROVOCADOS POLA VERTEDEURA AO UMIA TRAS O INCENDIO DE BRENNTAG, QUE SE CALCULA EN TORNO AOS 8 MILLÓNS DE EUROS

O Consello da Xunta deu conta hoxe das actuacións e acordos adoptados pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible durante a situación de emerxencia que desatou, no río Umia, o incendio na empresa química Brenntag, situada en Caldas de Reis (Pontevedra).

O informe, exposto polo conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Manuel Vázquez, inclúe un cadro do custo das actuacións desenvolvidas, que se calcula ascendan a preto de 8 millóns de euros, aínda que non é o definitivo.

As obras que se realizaron agrupáronse do seguinte xeito:

- 1) Obras e subministracións necesarias para asegurar a continuidade no abastecemento de auga potable á poboación, todas elas de Augas de Galicia: Captacións alternativas, bypass (canalización, mediante tubaxe provisional alternativa, para o abastecemento de auga á poboación) e subministración de auga mediante camións cisterna).
- 2) Obras e subministracións precisas para os labores de descontaminación: Construcións de diques (Aguas de Galicia), construción de balsas (Direccións Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental) e operacións de descontaminación (Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible).
- 3) Gastos pola ocupación temporal dos terreos para a realización das anteditas actuacións.

O incendio da empresa Brenntag, e a posterior vertedura tóxica ao Umia, produciuse o día 1 de setembro. Dous días despois, o día 3, a Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, por delegación do conselleiro, declarou de emerxencia as contratacións necesarias para afrontar as consecuencias da vertedura. E o mesmo sucedeu en Augas de Galicia, a través da súa Dirección Xeral.